

DO ADN

Á IDENTIFICACIÓN DAS ESPECIES

A FRAUDE ALIMENTARIA PODE DARSE POR...

Sustitución de especies de:



PARECIDO MORFOLÓXICO



MAIOR VALOR POR MENOR VALOR

Método de producción erróneo:



A ETIQUETA MOSTRA "CAPTURADO" CANDO É "DE CRÍA"


01 EXTRACCIÓN DO ADN

02 PCR

03 SECUENCIACIÓN DO ADN

04 IDENTIFICACIÓN DA ESPECIE

05 VERIFICACIÓN DO ETIQUETADO



QUE É O ADN?

O ADN ou ácido desoxirribonucleico é unha molécula moi longa formada por dúas cadeas en forma de dobre hélice, que se atopa principalmente no núcleo das células eucariotas.

Estas cadeas están formadas por unhas unidades que se chaman **nucleótidos**, que normalmente

simbolízanse como **A** (Adenina), **T** (Timina), **G** (Guanina) ou **C** (Citosina). Cada A dunha cadea emparéllase sempre cunha T da outra cadea, e cada G, cunha C, mantendo así unidas as dúas cadeas.

A **información xenética** dun individuo ven dada pola orde exacta dos millóns de nucleótidos nas cadeas do seu ADN.

QUE É A PCR?

As siglas PCR veñen de "**Reacción en Cadea da Polimerasa**" (en inglés), e trátase dunha técnica que permite facer millóns de copias idénticas dun fragmento de ADN. Faise nun aparato de laboratorio que se chama termociclador.



EMPRESA S.L Lonxa de Altura, 32 VIGO	Método de producción Capturado	Peso Neto 1.00 kg
Nome comercial RODABALLO	Zona de captura ATLÁNTICO NOROESTE FAO27 SUBZONA IX a	Presentación Enteiro
Nome científico Scophthalmus maximus	Arte de pesca Redes de arrastre	Código FAO TUR
Destinatario	Tipo e País de Orixe ESP - ESPAÑA	Lote 2080918
 56825426565855435	Expedidor 1º ES1208039PO Lonxa de Vigo Porto de Vigo - VIGO	Entregado 24/09/18
	FRESCO	Caduca 29/09/18

ES 120434PO CE Conservar entre 0°-5°C

SECUENCIACIÓN DO ADN: IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES

Despois de extraer o ADN das células dun peixe, emprégase a PCR para facer moitas copias dun **fragmento corto**, cuxa **secuencia de nucleótidos** é única para una especie determinada. Logo, comparando esa secuencia cunha base de datos, podemos **saber a especie** á que pertence ese individuo. Isto é

de grande importancia para **verificar o etiquetado** dos peixes que se comercializan, é dicir, comprobar que un peixe pertence con exactitude á especie que di ser no seu etiquetado.